

MEMORIA PROXECTO

DOCUMENTAL

INTEGRADO

“XOGAMOS?”



CEIP SANTIAGO DE OLIVEIRA

CURSO 2018/2019

INTRODUCCIÓN

➤ Xustificación

Este proxecto levouse a cabo no C.E.I.P Santiago de Oliveira, un centro dunha zona rural do concello de Ponteareas que conta con 121 alumnos/as.

Nos tres últimos cursos decidimos iniciar liñas de traballo a nivel de centro a través de PROXECTOS DOCUMENTAIS INTEGRADOS, con propostas curriculares e avaliáveis dentro das programacións de aula. As actividades parten na súa maioría da biblioteca escolar, que está integrada na rede de bibliotecas PLAMBE, aínda que son apoiadas polas titoras e restos de equipos do centro.

➤ Aspectos curriculares

As titoras de primaria seleccionaron os estándares de aprendizaxe avaliáveis das diferentes materias de cada un dos cursos e relacionámolo coas **competencias clave**: As competencias protagonistas foron desde un primeiro momento a competencia de ***Aprender a Aprender*** e a relacionada coa ***Conciencia e expresións culturais***.

Comunicación lingüística, a través da lectura de textos de diversa tipoloxía, da busca e recompilación de información e comunicación da mesma en diversos formatos e utilizando tanto a linguaxe escrita como a oral.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, traballando a partir de plasmar os resultados das enquisas en diferentes diagramas e/ou gráficos .

Competencia dixital, utilizando internet para a busca de información e difundindo as súas producións tanto no blogue da biblioteca como no que se creou conxunto co CEIP de Leirado.

Aprender a aprender, plantexándose preguntas, adquirindo responsabilidades, compromisos persoais e o gusto por aprender sendo capaces de traballar de forma cooperativa e mediante proxectos, coñecendo e usando diferentes recursos e fontes de información.

Competencias sociais e cívicas, traballouse facendo unha enquisa interxeracional sobre os xogos/xoguetes cos que xogaban os avós/avoas, pais/nais e os propios nenos e nenas. Elaborando e respectando normas para os xogos.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor, aportando ideas propias e levándoas a cabo.

➤ Alumnado e profesorado participante

Participamos no proxecto todo o profesorado e alumnado do dous centros escolares o CEIP Santiago de Oliveira (Ponteareas) e o CEIP de Leirado (Salvaterra de Miño).

➤ Calendario para as actividades previstas

O proxecto desenvolveuse durante todo o curso e aquí deixamos o planning establecido:

XOGAMOS?

OUTUBRO	<ul style="list-style-type: none"> • Creación dun blogue para compartir todas as actividades. • Vídeo presentación do proxecto. • Canción motivadora: "Brinca Vai"- Paco Nogueiras. • Enquisa para coñecer aspectos relacionadas co xogo no ámbito familiar.
NOVEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> • Recollida dos datos da enquisa a nivel de aula e exposición dos resultados (murais). • Magosto
DECEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> • Recollida de xoguetes para donar a algunha ONG. • Elección dun xogo por clase, dos que saíron na enquisa do trimestre pasado, para traballar ao longo do segundo trimestre . • Festival de Nadal relacionado co tema a través de cancións, dramatizacións, etc ou obras de teatro
XANEIRO	<ul style="list-style-type: none"> • Traballo de investigación: co xogo elixido o trimestre pasado, investigar aspectos como normas de xogo, material empregado, época...). • Día da Paz: cada aula elabora un decálogo do bo xogador que lerá ese día. Facer o "xogo da Carrasquiña"
FEBREIRO	<ul style="list-style-type: none"> • Entroido: Elaboración dos disfraces.
MARZO	<ul style="list-style-type: none"> • Celebración do día do Entroido. • Posta en común dos diferentes xogos buscando crear un patio activo. • Semana da prensa: elaboración dun xornal en papel e dixital con novas relacionadas co xogo.
ABRIL	<ul style="list-style-type: none"> • Obradoiro de creación de xoguetes (contactar) • Semana do libro: elaboración dun libro co traballo de investigación sobre os diferentes xogos.
MAIO	<ul style="list-style-type: none"> • Recollida de cantinelas e lerias de xogo. • Inventar cantigas para botar sortes. • Recoller a través dun libro, ficheiro...
XUÑO	<ul style="list-style-type: none"> • Excursión fin de curso: MUSEO DO XOGUETE (Allariz) • Actividade final : mostra do traballo realizado no parque A Canuda (Salvaterra de Miño)

AO LONGO DO CURSO IRANSE DECORANDO DIFERENTES ESPAZOS DO CENTRO (ENTRADA, PORTAS, ETC.)

C.E.I.P SANTIAGO DE OLIVEIRA

➤ Organización para a súa realización

Durante o deseño e desenvolvemento deste proxecto, leváronse a cabo diferentes reunións do equipo do equipo de biblioteca para establecer os aspectos a traballar. Posteriormente transmitíanselle ao resto do claustro para concretar e levalos a cabo.

Nas diferentes aulas desenvolvéronse contidos adaptados as idades e características do alumnado, deseñando e realizando actividades de expresión plástica, de expresión oral, de expresión dramática, de expresión escrita, etc.

Todo este proceso e coordinación foi fundamental para poder desenvolver actividades de gran interese para o alumnado.

OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS

O noso proxecto foi unha idea que xurdiu a partir do Equipo de Biblioteca do CEIP Santiago de Oliveira e do CEIP de Leirado, e que posteriormente foi aprobado en ambos claustros co título "XOGAMOS?".

O obxecto da nosa investigación foi traballar diferentes tipos de xogos e/ou xoguetes, tanto actuais como outros máis antigos. Cada clase elixiu un ou varios xogos/xoguetes e todas as actividades relacionadas co proxecto que se propuxeron ao longo do curso estiveron relacionadas cos mesmos.

Pareceunos unha temática moi interesante e atraínte para todo o alumnado e a valoración final do PDI foi moi positiva.

BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

O proxecto intercentros xurdiu a partir do Equipo de Biblioteca dos dous centros participantes.

Unha das primeiras iniciativas foi a creación dun blogue conxunto no que colgar todas as actividades relacionadas co PDI:

<https://xogamosmellorxuntos.blogspot.com/>

O seguinte paso foi que o CEIP de Leirado creaba un vídeo no que nos preguntaba "XOGAMOS?" a modo de presentación e de iniciativa conxunta neste proxecto e ao que nós respondíamos moi ilusionados con outro vídeo que aceptábamos o reto con moitas ganas e enerxía.

<https://xogamosmellorxuntos.blogspot.com/2018/10/xogamos.html>

https://xogamosmellorxuntos.blogspot.com/2018/10/xogamos_17.html

DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO

- Planning PDI

A principio de curso entregouse a todo o profesorado un planning descriptivo con todas as actividades mensuais programadas sobre o proxecto.

(Ver planning páxina 4)

- Creación blogue conxunto

<https://xogamosmellorxuntos.blogspot.com/>

- Enquisas para coñecer datos sobre os xogos/xoguetes no ámbito familiar e nas diferentes xeracións.

<https://drive.google.com/file/d/1RRGzxyJWgwGvMIGo69laBnexNqwsEiZ6/view?usp=sharing>

- Exposición temática

A principio de curso fíxose unha recompilación de todos os fondos relacionados co tema e expuxéronse para toda a comunidade educativa.

A medida que se foron adquirindo foron engadíndoselle a exposición.

Esta é unha pequena mostra dos exemplares mercados.



- Datos a investigar sobre o xogo/xoguete elixido e que se plasmaron nun libro final en diferentes formatos.

[https://drive.google.com/file/d/1ctPHoOLpkZ0x-](https://drive.google.com/file/d/1ctPHoOLpkZ0x-GeQqxoid56DMrVPpM9Q/view?usp=sharing)

[GeQqxoid56DMrVPpM9Q/view?usp=sharing](https://drive.google.com/file/d/1ctPHoOLpkZ0x-GeQqxoid56DMrVPpM9Q/view?usp=sharing)

- Creación dunha carpeta compartida co outro colexio, en Google Drive, onde fomos subindo diferentes documentos e recursos.

RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO

- Traballo de investigación por cursos.
- O XOGO NO TEMPO: dende o Equipo de Biblioteca pasouse unha enquisa ás familias para poder valorar a evolución dos xogos e xoguetes co paso do tempo. Estaba dirixida aos avós/avoas, pais/nais e fillos/-as. Os resultados finais plasmáronse en diagramas e gráficos.

https://olirei.blogspot.com/2018/12/o-xogo-no-tempo_20.html

Na clase de 3º de Primaria fixeron un titorial explicativo de como fixeron as súas gráficas.

<https://xogamosmellorxuntos.blogspot.com/2018/12/traballando-coas-enquisas.html>

- Para o Magosto tivemos unha actividade de xogo libre con xogos e xoguetes tradicionais.

<https://xogamosmellorxuntos.blogspot.com/2018/11/xogamos-no-magosto.html>

- Polo Nadal fixemos unha RECOLLIDA SOLIDARIA DE XOGUETES para entregar a unha ONG da zona.

<https://xogamosmellorxuntos.blogspot.com/2018/12/recollida-de-xoguetes.html>

- Fíxose un concurso de debuxo relacionado co proxecto deste ano "XOGAMOS?". O debuxo seleccionado utilizouse para a portada e contraportada do programa do festival de Nadal.



- Para conmemorar o DÍA DA PAZ cada clase creou o seu propio DECÁLOGO DO BO XOGADOR E XOGADORA, que despois leuse ese mesmo día. Tamén bailamos todo centro a canción de "O xogo da carrasquiña."

<https://xogamosmellorxuntos.blogspot.com/2019/01/decalogos-dos-bos-xogadores-e-xogadoras.html>

<https://xogamosmellorxuntos.blogspot.com/2019/01/o-xogo-da-carrasquina.html>

- No Entroido este ano a temática coincidiu coa do proxecto. As ordes do meco consistiron en caracterizarse do coñecido xogo QUEN É QUEN?

<https://xogamosmellorxuntos.blogspot.com/2019/02/ordes-do-meco.html>

Cada aula elaborou ou mandou elaborar o disfrace e o día do entroido desfilamos no colexio ao son dunha música relacionada tamén co proxecto.

<https://xogamosmellorxuntos.blogspot.com/2019/03/entroido.html>

- Semana da prensa (11-15 de marzo): Elaborouse un xornal. Cada aula buscou unha noticia relacionada co xogo-xoguete que traballou. Está feito en formato papel e en formato dixital.

<https://olirei.blogspot.com/2019/03/semana-da-prensa.html>

- EXPO XOGO tivo lugar o día 5 de abril. En cada aula fíxose unha exposición do xogo-xoguete que traballaron. Fixéronse grupos mixtos das distintas clases de forma que sempre haxa algún da aula para explicar ao resto. De 12 a 13:00 houbo xogo libre polos diferentes postos.

<https://xogamosmellorxuntos.blogspot.com/2019/04/expo-xogo.html>

DISTRIBUCIÓN DOS XOGOS

XOGO	ESPAZO
DOMINÓ 	AULA 3-4 ANOS
CARRILANAS 	CAMPO DE PICHÍ
BONECAS 	AULA DE 1º
PINCHO 	AREIRO
BONECAS 	AULA DE 3º
TABAS 	
TRES EN RAIA 	
BOLOS 	CAMPO DE PICHÍ
BUXAINAS 	CAMPO DE PICHÍ E CAMPO DE TERRA
MOLINO 	XIMNASIO
MIKADO 	
FÚTBOL CHAPAS 	

- Semana do libro: A partir do traballo de investigación que fixo cada clase sobre o xogo-xoguete elixido, ao final montamos un libro en diferentes formatos con toda a información final.

<https://xogamosmellorxuntos.blogspot.com/2019/05/investigando-sobre-os-xogos-e-os.html>

- Creación libre de Brinquedos

No mes de maio tivemos unha actividade moi interesante a cargo da Cooperativa Miudiño que consistiu na creación libre de brinquedos.

<https://xogamosmellorxuntos.blogspot.com/2019/05/creacion-libre-de-brinquedos.html>

- Xogos inclusivos no recreo. Todos os mércores dende o mes de febreiro na hora do recreo contamos coa colaboración de BATA para levar a cabo esta actividade con diferentes xogos para o alumnado de 4º de Primaria.

<https://xogamosmellorxuntos.blogspot.com/2019/02/patios-dinamicos.html>

- Outro tipo de actividades feitas polo alumnado, son de diferente tipoloxía.

<https://drive.google.com/drive/folders/1DengDf6pdwZPYMmzBBHACs3EnnTh0-XS?usp=sharing>

- No terceiro trimestre o centro participou na creación e decoración da "Menina" organizada polo Concello de Pontearreas e temática escollida foi o xadrez.



- No planning do PDI para o mes de maio tiñamos establecida a recollida de cantinelas e lerias de xogo, e a invención de cantigas para botar a sorte pero en vista de todo o traballo proposto para actividade final, que se desglosa a continuación, decidimos deixalas como optativas a decisión de cada titora.

Na clase de 1º, traballaron cancións de botar a sortes recollidas nun programa de radio emitido en directo na emisora escolar e colgado no blogue. A maiores realizouse un obradoiro de creación das mesmas a nivel grupal.

<https://olirei.blogspot.com/2019/06/cancions-para-botar-sortes.html>

- O 16 de maio conmemoramos o día das Letras Galegas cunha serie de actividades promovidas polo Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística do centro na que destacamos, entre outras, unha xincana con diferentes xogos sobre o autor.

<http://fragareis.blogspot.com/2019/05/xornada-das-letras.html>

- Para a actividade final do PDI que celebramos conxuntamente co CEIP de Leirado, organizáronse diferentes actividades:

1. Concurso de elaboración dun logo.

<https://olirei.blogspot.com/2019/05/creacion-logos.html>

<https://olirei.blogspot.com/2019/05/xa-temos-ganadora.html>

2. Elaboración dun cartel informativo do evento por clase que se repartirán en diferentes sitios de interese (paradas de autobuses, colexio, casas culturais..)
3. Elaboración da invitación ao evento: cada alumno/-a fará a súa para levar a casa. Elixíuse unha por clase e fixéronse copias para repartir.

<https://xogamosmellorxuntos.blogspot.com/2019/06/mostra-do-xogo-e-xoguete.html>

<https://xogamosmellorxuntos.blogspot.com/2019/06/reportaxe-da-mostra.html>

- A excursión de fin de curso, na que participou todo o centro, tivo lugar o 14 xuño e foi a Allariz, onde visitamos o Museo do Xoguete.
- No FESTIVAL DE FIN DE CURSO o alumnado de 4º e 5º de Educación Infantil representou unha obra de teatro titulada "O FOGUETE MANOLETE" no que interpretaban diferentes o papel de diferentes xoguetes.

RECURSOS UTILIZADOS

Cada unha das aulas buscou información en internet, libros de consulta o unhas propias familias do alumnado a partir das enquisas realizadas.

Dende a Biblioteca do centro adicáronse cartos para mercar libros relacionados coa temática dos xogos e os xoguetes e que en todo momento estiveron a disposición da comunidade educativa.

Todas as actividades realizadas quedaron reflectidas no blogue conxunto de XOGAMOS? E tamén os documentos compartidos no Google Drive.

IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Na presentación da PXA ao Consello Escolar informouse do que íamos facer, deste xeito tanto as familias como a inspección escolar e o concello municipal estaban informados.

Dirixiu todo o proceso a Coordinadora da Biblioteca xunto co Equipo de Biblioteca e o Equipo Directivo coñecedoras das necesidades educativas detectadas en cada unha das partes e así poder elaborar un proxecto único.

Durante todo o proceso as familias implicáronse e foron coñecedoras do proxecto dende o primeiro momento. Seguiron todas actividades no blogue conxunto, participaron nas enquisas enviadas, foron as encargadas de elaborar as carrilanas de 6º de Infantil e foron invitadas a actividade final da Mostra do Xogo e do Xoguete que tivo lugar no Parque de A Canuda e na que os dous centros expuxeron parte do traballo de todo o curso.

A dirección do centro apoiou todas as propostas e participou activamente en todo.

AVALIACIÓN REALIZADA E PROCEDEMENTOS EMPREGADOS

Como procedementos de avaliación empregáronse fundamentalmente as reunións periódicas do profesorado (semanais, mensuais e trimestrais), reflexionando sobre o grao de adquisición dos obxectivos marcados (tanto a nivel organizativo, como pedagóxico, como social). Houbo unha revisión constante do proxecto, sendo modificado nalgún caso moi concreto o calendario inicial e adaptando as tarefas a desenvolver.

Empregouse a seguinte avaliación de desenvolvemento conxunta para avaliar o proxecto.

https://drive.google.com/file/d/1Pwt_whigGobSbpaQBnTCIkGIR7_JBiRz/vi/ew?usp=sharing

[https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLScealuoXVBbefXhkMqfbGSbFYvf4u_oz2RXXa-gEoFVGhIYlg/viewform?usp=sf link](https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLScealuoXVBbefXhkMqfbGSbFYvf4u_oz2RXXa-gEoFVGhIYlg/viewform?usp=sf_link)


O alumnado fixo unha autoavaliación constante á través das asembleas e reflexións grupais coas titoras despois de cada actividade.

O profesorado tamén avaliou o traballo do alumnado nas aulas mediante diferentes instrumentos.

Finalmente fíxose unha enquisa on-line para que o profesorado valorase algúns aspectos do proxecto e aportase propostas de mellora para o próximo curso. O gráfico cos resultados finais foi o seguinte:

PDI: XOGAMOS?

11 respostas



Existiron dúas propostas de mellora que se poden resumir en: conseguir unha maior implicación de todo o claustro e agrupar ao profesorado do claustro en grupos para concretar, dende principio de curso, actividades e posibles saídas para o PDI.

FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO

A Biblioteca Escolar foi o motor do Proxecto Documental Integrado realizando tarefas como a coordinación e organización dende o principio. Realizou reunións periódicas co Equipo de Biblioteca no que se aportaron ideas por parte de todos os membros. Tamén programou reunións informativas con todo o Claustro para ir avanzando nas tarefas a realizar e avaliando o proceso. Ademais buscou, seleccionou, mercou e expuxo bibliografía de consulta e narrativa referente aos xogos e xoguetes.

Organizou coa axuda e coordinación do resto de equipos os diferentes días de celebración.

Por último propuxo e organizou o reparto de tarefas para o día da actividade final da Mostra no Parque de A Canuda.

Durante todo o proxecto foi difundindo as diferentes actividades a través do blogue da biblioteca e do blogue conxunto..

En Oliveira, a 10 de xullo de 2019

